

# **RESOLUCIÓN DE 1 DE XUÑO DE 2004 POLA QUE SE CONVOCA PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DE LISTAS DE AGARDA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL QUE PRESTARÁ SERVIZOS COMO AXUDANTES DE BIBLIOTECA**

Este Reitorado en uso das facultades conferidas no art. 36 dos Estatutos desta Universidade, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio (D.O.G. de 26 de maio), en relación cos arts. 2 e 20 da Lei Orgánica 6/2000, de 21 de decembro, de universidades, e de acordo co art. 27 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, por que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís do Estado, resolve:

**Convocar** proceso de selección para a constitución de listas de agarda para a contratación temporal de persoal que prestará servizos como Axudantes de Biblioteca, que se realizará de acordo coas seguintes

## **BASES**

### **1. SOLICITUDES.**

**1.1.-** Os que desexen participar neste proceso de selección deberano solicitar, no prazo de 20 días naturais contados a partir da publicación da presente convocatoria en medios de comunicación e nos taboleiros de anuncios do Reitorado e do Vicerreitorado do Campus de Ferrol, en instancia segundo modelo que figura como **ANEXO I**. Á instancia acompañaráselle fotocopia do documento nacional de identidade e a documentación acreditativa da titulación esixida.

**1.2.-** As solicitudes, dirixidas ao Excelentísimo Señor Reitor da *Universidade da Coruña*, deberán presentarse no Rexistro Xeral da *Universidade da Coruña* (Edificio do Reitorado, R/ Maestranza, s/n, C.P. 15001) ou no Vicerreitorado do Campus de Ferrol (Vicerreitorado do Campus, R/Doutor Vázquez Cabrera, s/n, C.P. 15403) ou nas restantes formas previstas no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (B.O.E. de 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (B.O.E. do 14). As solicitudes subscritas no estranxeiro poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes e acompañaranse dos documentos acreditativos de que se reúnen os requisitos que a continuación se indican (fotocopias compulsadas).

### **2. REQUISITOS DOS CANDIDATOS.**

**2.1.-** Para participar neste concurso os aspirantes deberán reunir e manter os seguintes requisitos:

- a) Ser español, sen prexuízo do establecido na Lei 17/1993.
- b) Ter 18 anos cumpridos.
- c) Estar en posesión dunha titulación de diplomado ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá achegarse a credencial que acredite a súa homologación.

- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das correspondentes funcións.
- e) Non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

**2.2.-** Todos os requisitos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación das solicitudes e gozar destes durante o proceso selectivo.

### **3. LISTAS DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de 15 días naturais, o Reitor ditará resolución declarando aprobadas as listas provisionais de aspirantes admitidos e excluídos, que será publicada nos taboleiros de anuncios do Reitorado da Universidade e no Vicerreitorado do Campus de Ferrol, con mención expresa do nome, apelidos e documento nacional de identidade e, se for o caso, as causas de exclusión, dando un prazo de dez días hábiles para a súa corrección.

Transcorrido o prazo fixado, o Reitor, por proposta da comisión de selección, ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos ao concurso.

### **4. SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O procedemento de selección dos aspirantes consistirá na realización dun exercicio de catalogación, segundo o especificado no **ANEXO II**. A comisión de selección fixará os criterios de valoración e a puntuación mínima para aprobar, así como o material que, no seu caso, deberán levar os aspirantes, o día da súa constitución. Dita puntuación mínima farase pública ese mesmo día. A comisión determinará o momento axeitado para facer públicos os criterios de valoración, que a mais tardar serán publicados o mesmo día da proba, xunto coas respostas correctas, ao terminar o exercicio.

### **5. COMISIÓN DE SELECCIÓN.**

#### **Comisión titular**

- Dna. María Consolación Cubero Suárez, Directora da Biblioteca do Campus de Esteiro, que a presidirá.
- Un vocal: Dna. María José Gutiérrez Calvete, Directora da Biblioteca da Facultade de CC. da Educación
- Un representante sindical designado pola Xunta de Persoal: Dna. María Teresa Bárcena Varela de Limia.
- Un representante sindical designado polo Comité de Empresa: D. Eduardo Álvarez Fernández
- Secretario, con voz e voto: D. Daniel Miguélez Costa, Xefe de Sección de PDI.

#### **Comisión suplente**

- Dna. Teresa Rodríguez Facal, Directora da Biblioteca da Facultade de Informática, que a presidirá.

- Un vocal: Dna. María José Lobeiras Fernández, Directora da Biblioteca da Facultade de Ciencias.
- Un representante sindical designado pola Xunta de Persoal: D. César Candelas Colodrón.
- Un representante sindical designado polo Comité de Empresa: Dna. Eva Domínguez Costa
- Secretario, con voz e voto: D. Luis Vázquez López, Xefe de Sección de PAS.

## **6. CONSTITUCIÓN E MODIFICACIÓN DA LISTA DE AGARDA.**

Unha vez finalizado o proceso selectivo constituirase a lista de agarda cos aspirantes que superaran a proba. Esta lista será confeccionada seguindo a orde de puntuación alcanzada no proceso selectivo. A comisión de selección establecerá e publicará o día da súa constitución o criterio que se empregará para desempatar en caso de empate na puntuación.

Constituída a lista de agarda para a cobertura temporal de prazas de axudantes de biblioteca, estarase no que se refire á súa xestión ao disposto na Resolución reitoral de 4 de febreiro de 2004, por que se constitúen listas de agarda e se regula o procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do persoal de administración e servizos.

## **7. CONTRATACIÓN.**

Unha vez producida a necesidade o Servizo de PAS designará, seguindo a orde da lista, á persoa que corresponda ser chamada e, constatada a súa dispoñibilidade pola xerencia, propondrá o seu nomeamento ou contratación ao Reitor.

A presente convocatoria, e as súas bases, e cantos actos administrativos se derivaren delas, poderán ser impugnados ante a xurisdición contencioso-administrativa nos casos e formas establecidos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (B.O.E. de 27 de novembro) modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (B.O.E. do 14).

Así mesmo, os interesados poderán interpor recurso de alzada contra os actos da Comisión de Selección ante o Reitor da *Universidade da Coruña*, nos termos previstos no art. 114 e concordantes da mencionada lei.

A Coruña, 2 de xuño de 2004

Asdo. José María Barja Pérez  
Reitor da Universidade da Coruña

ANEXO I. Escrito da solicitude de participación  
ANEXO II. Sistema de selección

**ANEXO II**  
**SISTEMA DE SELECCIÓN**  
**AXUDANTES DE BIBLIOTECA**

O exercicio consistirá na catalogación en formato MARC de tres documentos, que se sortearán entre os seis que levará preparados a comisión, que se realizará de acordo coas Normas de Catalogación ditadas polo Ministerio de Cultura formato IBERMAC para rexistros bibliográficos (última edición) e a clasificación Decimal Universal CDU (última edición). Os encabezamentos de materia axustaranse a algunha das listas de encabezamentos de materias existentes. Os aspirantes poderán utilizar as regras de catalogación establecidas polo Ministerio de Cultura, o formato IBERMAC para rexistros bibliográficos, as táboas de CDU e a lista de encabezamentos de materia que estimen oportuna.